

LINGUA GALEGA

Texto:

Da marea negra, daquela desfeita que conmoveu ao mundo, non se tiraron nin responsabilidades políticas nin xudiciais. Non houbo delito ambiental nin culpables nin responsabilidade das empresas que contaminaron máis de 1.200 km de costa galega, cantábrica e francesa nin actuación imprudente do executivo que mandou o barco ao quinto pino e provocou danos valorados pola fiscalía en catro mil millóns de euros nin se sabe tampouco cales foron as razóns que orixinaron un vertido de 70.000 toneladas de chapapote.

Aquí non pasou nada, coma se dun fenómeno natural se tratase, botouse terra sobre a verdade. Semella que todo aquilo foi apenas un pesadelo vivido por 20.000 mariñeiros e mariscadoras, por máis de 120.000 voluntarios que durante meses limparon praias e cantís, e por milleiros de galegos e galegas mobilizados hai once anos reclamando dignidade e que nunca máis se repetise unha traxedia semellante. Tras a sentenza, aquí non se pode reclamar un euro nin ninguén vai ser compensado. Non, non foi un acto de xustiza do que sentirse recoñecidos.

A sentenza do Prestige devólvenos ao noso punto de inicio, á necesidade de que a cidadanía galega abandone o conformismo e a comodidade, á de teimar no esforzo por recuperarmos a tensión da mobilización cidadá solidaria coa intención de reconstruír un país en ruínas. Por moito que nos incomode esta sentenza, non é este o momento nin para o desolación nin para o desánimo. Cómpre reaxir.

(Manuel Bragado, *Galicia Confidencial*, 18.11.2013)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *marea negra*, *desfeita*, *pesadelo*, *dignidade*, *desolación* (1 punto).
2. Escriba un título para este texto, e logo indique as ideas principais (2 puntos).
3. Escriba as formas do feminino das seguintes palabras: *catalán*, *ciudadán*, *irmán*, *león*, *patrón*, *lambón*, *lacazán*, *inglés*, *xuíz*, *fiscal* (1 punto).
4. Escriba a segunda persoa de singular e a primeira de plural do infinitivo conxugado dos verbos *vivir*, *estar*, *ir*, *comer* e *recuperar*. A seguir escriba cinco frases diferentes con infinitivo en forma conxugada (pode utilizar as formas da primeira parte desta pregunta ou outras diferentes) (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).